

Iniciamos hoy la publicación de una serie de trabajos que, sobre el título genérico «Galicia y su futuro», ha preparado el colaborador de este periódico Al-

fonso Magariños. La primera parte de la serie está dedicada a «El problema político» y comienza con las respuestas de don Baldomero Cores Trasmonte. A él se-

guirán Manuel Fraga Iribarne, Francisco Bustelo, Camilo Nogueira, Víctor Moro y Santiago Alvarez.

GALICIA E O SEU FUTURO (I)

BALDOMERO CORES TRASMONTE

(INDEPENDIENTE)

« GALICIA NON VOTA MAIS QUE EN CASOS MOI EXCEPCIONALES »

Os países de minifundio son, polo regular, países conservadores e Galicia non é unha excepción. A terminoloxía «españolismo»-«nacionalismo» é expresión dun tipo curioso de maniqueísmo político, nunha loita entre os bons i-os malos. As eleccións do 15-J, non expresaron a intención política de Galicia: Galicia non vota máis que en casos moi excepcionales. No orden parlamentario, en Galicia existe o Partido Único. A preautonomía é unha táctica cameralista, pra evitarlo peligro da autonomía previa. O gran peligro non está na preautonomía, sena pouca ou moita... está no «borrador» constitucional, onde non queda nin o máis cativo furadido pro desenvolvemento autonómico. Galicia necesita máis autonomía que Catalunya e que Euskadi.

y Documentos» (La Coruña, ed. Librigal, 1976) «La devolución de Galicia: el Estatuto, ayer y hoy» (Santiago de Compostela, imp. Minerva, 1977). Outros traballos menos coñecidos son «Comunicación Social y Literatura»; «Cultura, Sociedade y Literatura»; «Sociedad global y reflexión literaria»; «El Ruedo Ibérico» y la Sociedad transicional»; «La cultura gallega y la sociedad de masas»; «Emilio Castelar y los estereotipos narracionales»; «Arte, literatura e investigación social». Dirixiu o número especial dedicado a «Cultura Gallega» por «Atenea» (1974), revista da Facultade de Artes e Ciencias da Universidade de Puerto Rico (R.U.M.), na que tamén colabora con frecuencia. Acaba de publicar en «Tiempo de Historia» (junio 1977, pp. 70-81) un artigo sobre «Villar Ponte y la fundación del nacionalismo gallego». Xunto con E. B. Rivero, dirixiu «Introducción a las Ciencias Sociales (R.U.M., 1976).

GALICIA, ENTIDADE REAL COLECTIVA

1. — Galicia, ¿rexión ou nacionalidade? Coincidencia e diferencias con Catalunya, Euskadi e con outras rexións de España.

—A terminoloxía pra explicar as relacións entre Galicia i-o Estado central ten sido moi variada o longo da historia contemporánea: provincialismo, rexionalismo, nacionalismo foron palabras que delataban a importancia desas relacións, a súa conflictividade, as súas tensións i-a súa maneira de superalas en certo modo. Frente as acusacións de separatismo (o que significaba caer na órbita do código penal, coa consecuencia non solo da persecución, senon tamén da imposibilidade de manifestación dos ideais), foi preciso recurrir a fórmulas semánticas que fixeran posibles definicións fundamentais ideolóxicas aínda que fora con algún sacrificio da terminoloxía. Isto mesmo pasoulle, por exemplo, o federalismo, cando Pi i Margall, cando loitar, incluso nos tribunales, pra que non fose considerado unha forma política contraria a firma de goberno que tipificaba o Código Penal, sinon como un sistema político que podía caber en calquera das formas vixentes. Galicia ten unha personalidade propia, ten unha historia i-un porvir, unhas virtudes, uns defectos e un sistema sociocultural ben delimitado, polo que seña rexión, nación, nacionalidade ou como queira chamárselle, sempre será ese valor como entidade real colectiva, cousa que quer inorar moitos o longo do tempo. Agora púxose de moda chamarlle nacionalidade, como a Euskadi ou Catalunya, pero ista denominación xa foi usada polo mesmo Pi i Margall no seu millor libro: «Las Nacionalidades». O que pasa é que, agora, o nome de nacionalidade parece ter senso máis cativo que o de nación como si iste fora reservado pra aquela entidade que expresa o Estado central. Ollo coas denominacións, porque mils instálanse os mitos e calisqueira distes que minimice o senso real de Galicia pode ser unha trampa semántica para seguir sin instalalas instituci-

ons reais de Galicia, as que lle corresponden por natureza e por necesidade funcional.

Galicia coincide con Catalunya e Euskadi na súa vella preocupación diferencial, formando incluso unha unidade, «Galucezas», que quixo destacar este feito de países irmáns nises ideas diferenciadas; distinguese de Catalunya e Euskadi en que é un país de emigración, antrasmontes que istes son de inmigración: en que é un país subdesenvolvido e parroquialista e aqueles son países máis desenvolvidos e máis modernizados; en que a súa burguesía non ten senso galego (as inmigracións, cando no século XVIII e no XIX foi un pouco país de inmigración, trabucaron o senso da súa potencial burguesía), como teñen acentuado o nativismo en Euskadi y Catalunya; en que a cidade non ten papel protagonista en Galicia, como o ten en Euskadi e Catalunya. Galicia coincide coas Insuas Canarias no seu illamento, nos problemas do mar, nas dificultades da terra. Coincide con Andalucía na súa tremenda emigración, i-o inxusto papel do aforro, pois nos países do máis outro nivel de aforro, acompañado de fonda descapitalización. Pode coincidir con Andalucía na disfunción tremenda entre unha forma sublimada polo turismo e pola propaganda (o imperialismo do flamenco de pacotilla poñerase o lado da «belleza de las Rías», de «las ricas comidas gallegas», etcétera) i-a Galicia real perdida nas montañas, recolecta sobor dos peirais dos mariñeiros, sobor do artesano e do home sinxelo da cidade. Coincidencias e disparidades que se podían levar hasira límites insospitados e profundos, sempre que isto servira pra lexítimala necesidade dunhas estruturas políticas propias, cousa que non é necesario levar tan lonxe.

A NACIONALIDADE HISTORICA DO NACIONALISMO GALEGO

2. —¿E Galicia un país politicamente conservador?

—Os países de minifundio son, polo regular, países conservadores e Galicia non é unha excepción. Un mecanismo de defensa co-

lectiva obriga os pequenos a agarrarse o pouco que teñen, co que se identifican, sobor do que se consideran seguros, aínda que señan pobres. Agora ben: convén distinguir o que se entende por conservatismo, porque en Galicia existe realmente un conservatismo natural, producido polas estruturas económicas máis difundidas como son as do minifundio, que nunca ten coincido co conservatismo político imposto desde fora. Por iso en Galicia hai sempre unha semente de progresismo na ribeira e nas vilas, quizás no mesmo campo, como unha forma de rebelión contra ise conservatismo formal das oligarquías e por iso, a dispoñibilidade social para ser progresista é moi grande, con tal que se faga unha boa campaña de persuasión, basada na denuncia dos fallos dese sistema conservador, cousa fácil de facer, ademais, dádolos erros contínuos que ten en Galicia.

3. —¿Qué xuício histórico lle merece o nacionalismo galego nas súas diversas etapas?

—O nacionalismo galego xurden como unha necesidade histórica, non como un capricho de elites, para destacar cousas que estaban na conciencia galega, como as seguintes: 1) As disfuncións dos intereses locais coa normativa unifromadora e centralista do liberalismo (o provincialismo encabezado por Faral-do foi o exemplo); 2) As disfuncións da cultura propia coa cultura centralista (Branas, Murguía); 3) A necesidade de facer do campo un protagonista político en Galicia (o agrarismo); 4) A necesidade de instrumentalizar a cultura propia como elemento de acción política (nacionalismo); 5) A necesidade de aplicar unhas ideoloxías galegas os problemas concretos (galeguismo). Sin unha clientela moi grande, foi a conciencia viva de Galicia, como pasa polo xeral cos nacionalismos dos distintos países.

4. —A terminoloxía «españolismo» - «nacionalismo», ¿expresa un problema político real ou subxectivo?

Ista terminoloxía xa foi usada na II República, pero o sentido é hoxe algo distinto. Ista dicotomía expresa un programa político moi profundo, como ex-

presión dun tipo curioso de maniqueísmo político, nunha loita entre os bons i-os malos. O que pasa que as consecuencias son distintas. Por unha beira chamábelles españolistas a moitos que están táctica ou estratéxicamente o lado, polo que se fai difícil calquer tipo de coalição e de participación común. Por outra beira, significa un paso positivo en canto que normalmente o único acusador era o centralista (que asustaba de separatista, de folclórico, de cego diante do avance do mundo o que tiña ideas nacionalistas) e agora ise centralista é acusado de incapaz de entendelo problema de Galicia si non se mergulla e non vive a súa cultura. Os perigos deste bipolarismo son moi grandes, porque impide unha comprensión sincera entre forzas que poderían colaborar na creación dun sistema que aínda non existe e que Galicia necesita con urxencia.

OS GALEGOS, NON VOTAN

5. —O resultado electoral do 15-J, ¿é expresión adecuada da realidade política galega ou consecuencia de factores hereditarios que condicionaron a libre manifestación da vontade popular?

—Si se comparan os resultados de 1936 cos de 1977, notase unha diferenciación tan grande que serve de indicador claro de que as eleccións non expresan a intención política de Galicia. Galicia non vota máis que en casos moi excepcionales. Solo uns galegos van as urnas. A política real de Galicia é muda. Sin necesidade de moitas extorsións, ganou o poder, predominou a mística do poder sobor do desorientado, axudados pola inoperancia con que actuaron as forzas contrarias.

6. —O espectro de formacións políticas con que se chegou as eleccións do 15-J e que perdura aínda, ¿qué caracterización lle merece a V? ¿Qué falta e qué sobra nese espectro?

—No orden parlamentario, en Galicia existe o Partido Único, flanqueado por dous pequenos apéndices de outras forzas políticas. Os cuneros (residentes fora de Galicia), os funcionarios, os ricos, os profesionais, son a base da composición de ese grupo. Fallan as forzas populares nise espectro, falla a representación nacionalista e fallan as forzas socialistas. E falla, inexplicablemente, unha boa representación da emigración, base en certos aspectos do fundamento económico e cultural de Galicia. Prevenidos contra calqueira operación de alto alcance é de suporñer que no futuro a espectro se recompoñe e se refaga de modo axeitado pra unha boa representación de Galicia. A ineficacia antiga problemas como os das duascientas millas, a autonomista, a cuota da seguridade social i-a preautonomía indican as claras que a representación parlamentaria é cativa e que a forza real non está representada nos escanos.

UNHA TACTICA CAMERALISTA

7. —¿Responde, na súa opi-

nión, o proxecto de decreto-lei sobre réximen transitorio de autonomía para Galicia os dereitos e problemas de Galicia?

—A preautonomía é unha táctica cameralista, pra evitarlo peligro —o que consideran peligro— da autonomía previa, que é outra cousa. En Galicia, cunha forza única dominante, é pouco o que se pode conseguir, si a forza extraparlamentaria non se organiza axeitadamente. Eu propoño (en «La Devolución de Galicia»), a reactivación do Comité Central de Galicia, pero parece que na nosa terra hai moitos xordos que non queren oír e moito menos escoitar e acóllese ao primeiro nome que chega. E unha pena. Parece como si a premonición de taralidismo non lle servira de nada.

8. —¿Debe Galicia aceptar o réximen preautonómico, na hipótese de que na fase de negociacións co Goberno desaparecesen a cooficialidade do galego, o reconecimiento da bandeira e a Asambleas de Galicia?

—O gran peligro non está na preautonomía, sena pouca ou moita, porque servirá máis ben para instalar na poltrona presidencial a un dos de sempre. O gran peligro da autonomía galega, da autonomía en xeral, está no «borrador» constitucional, xa famoso, onde non queda nin o máis cativo furadido pro desenvolvemento autonómico. Hastra a «hora» está regulada polo Estado. O centralismo non se vistesu de «integralismo» (O Estado integral da República); con todo detalle regula unha lista interminable de cousas do Estado, polo que o que poida facer o país autonómico será moi pouco. E preciso intensificar o esforzo de captación de voluntades parlamentarias, pra que a regulación seña máis axeitada a historia actual i-o estilo con que deben desenvolverse os cambios nacionais. O resto chámase manipulación política, máis ou menos, e como os galegos somos desconfiados por experiencia, xa sabemos, máis ou menos cal é o resultado.

9. —¿Qué dereitos máis importantes deberan quedar tutelados na futura autonomía de Galicia? ¿Qué procedemento se debería seguir para a elaboración do seu estatuto?

Ningun dereito humano, social, económico e cultural debe ser alleo para a autonomía, porque o noso concepto de autonomía baséase precisamente nunha concepción natural de Galicia. A vocación universalista de Galicia, así como a penuria da súa vida, faina sensible a un respecto dos dereitos en xeral, aínda que superestructuras establecidas teñen feito parecido contrario.

O Estatuto de 1932, plebiscitado en 1936, é un punto de partida e debe facerse constar así no proceso estatutario. A Primeira Asambleas, que tiña carácter constituinte, debe facer logo a adaptación a presente, pra que aqul texto seña algo máis que unha constancia da lexítimala histórica e política do pobo galego. O pobo galego debe te-la a última palabra nise proceso, por medio da voz do referéndum.

ALFONSO MAGARIÑOS

JAIME CADABON CANTO MISA

El domingo, día 8 de enero, en la iglesia parroquial de San Francisco Javier de Bella-Vista, y con el templo repleto de fieles, destacándose entre ellos, a demás de los familiares y vecinos de Teis, un grupo numeroso de antiguos alumnos de las escuelas de San Ignacio, con su actual directiva, celebró su primera misa a las doce del mediodía el nuevo jesuita vigués Jaime Cadabón, S. J.

Concelebraron con el nuevo sacerdote, el padre franciscano J. Hogán, S. J., misionero de Honduras, el padre rector del Colegio del Apóstol Santiago, el párroco de San Francisco Javier, el padre Encinas, S. J., quien le sirvió de maestro de ceremonias y otros siete sacerdotes de la Compañía de Jesús que de diversas provincias españolas llegaron para tan solemne acto.

Al finalizar la misa, la dirección del Colegio Apóstol Santiago de nuestra ciudad, obsequió a los fieles que asistieron a la asamblea eucarística con un lunch, en el comedor del Apóstol Santiago, en donde después de unas palabras del padre Encinas, el presidente de la directiva actual de la asociación, Enrique García González, entregó a su compañero Jaime Cadabón González, S. J. un regalo consistente en una cartera con todos los elementos necesarios para la administración de la comunión viática, unción de los enfermos y ritual moderno de todos los sacramentos.

LA FAMILIA DEL SEÑOR

DON BERNARDO BORRAJO IGLESIAS

O. E. P. II.

DA las más expresivas gracias a todas las personas que, en la tarde de ayer, se dignaron asistir al acto del sepelio; a cuantas, por medio de tarjetas, firmas, cartas o telegramas, les han testimoniado su condolencia, así como a las que asistan a los funerales que, por su eterno descanso, se celebrarán, hoy, miércoles, a las SIETE de la tarde, en la iglesia parroquial de Santa María, Con-Catedral.

Agencia Fábregas. Teléfono 231775.

Vigo, 11 de enero de 1978.

